# PLAN DE CONVIVENCIA

## IES FREI MARTÍN SARMIENTO

REVISIÓN Nº :
DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30 DE XUÑO DE 2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30 DE XUÑO DE 2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

# TÁBOA DE CONTIDO


**1.INTRODUCCIÓN**

**2. CARACTERÍSTICAS E SINGULARIDADES DO CENTRO**
- 2.1 Contorno socioecomómico do IES Frei Martín Sarmiento
- 2.2 Xestión e organización do centro que inflúa na convivencia

**3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN NO IES FREI MARTIN SARMIENTO**
- 3.1. Situación actual da convivencia
- 3.2. Respostas do centro ante as situacións de conflito
- 3.3. Experiencias e traballos previos en relación coa convivencia
- 3.4. Necesidade de formación e recursos

**4. OBXECTIVOS**

**5. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

**6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR**

**7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**
- 7.1. Plan de reunión
- 7.2. Funcións e plan de actuación

**8. NORMAS DE CONVIVENCIA. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR**

**9. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR**
- 9.1. Responsabilidade e reparación de danos
- 9.2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección
  - 9.2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
  - 9.2.2. Condutas leves contrarias á convivencia
- 9.3. Prescrición das condutas contrarias á convivencia
- 9.4. Medidas correctoras
  - 9.4.1. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
  - 9.4.2. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia 9.4.3. Graduación das medidas correctoras
  - 9.4.4. Prescrición das medidas correctoras
- 9.5. Procedemento para a imposición das medidas correctoras
  - 9.5.1. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
  - 9.5.2. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia
  - 9.5.3. Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores

**10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.**
10.1. Concepto
10.2. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva.

**11. MEDIACIÓN ESCOLAR**

**12. MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

**ANEXOS:**

ANEXO 1. COMUNICACIÓN SOBRE UNHA POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

ANEXO 2. NOMEAMENTO DA PERSOA RESPONSABLE DA ATENCIÓN E APOIO Á PRESUNTA VÍTIMA

ANEXO 3. PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PRESUNTA VÍTIMA

ANEXO 4. PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA/S PERSOA/S PRESUNTA/S AGRESORA/S

ANEXO 5. NOMEAMENTO DA PERSOA RESPONSABLE DAS AVERIGUACIÓNS PREVIAS

ANEXO 6. RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN

ANEXO 7. ENTREVISTA COA PRESUNTA VÍTIMA

ANEXO 8. ENTREVISTA COA/S PERSOA/S PRESUNTAMENTE ACOSADORA/S.

ANEXO 9. ENTREVISTA COA PRESUNTA VÍTIMA

ANEXO 10. ENTREVISTA Á FAMILIA DA POSIBLE VÍTIMA
ANEXO 11. ENTREVISTA Á FAMILIA DO DA/S POSIBLE/S PERSOA/S ACOSADORA/S
ANEXO 12. COMUNICACIÓN DE SANCIÓN: EXPULSIÓN DE TRES DÍASANEXO 13. MODELO DE PARTE DE FALTAS DE ORDE
ANEXO 14. PROCEDEMENTO CORRETOR CONCILIADO
ANEXO 15. ACTA DE REUNIÓN DO PROCEDEMENTO CORRETOR CONCILIADO
ANEXO 16. CITACIÓN PROCEDEMENTO CORRETOR CONCILIADO
ANEXO 17. FIN DO PROCEDEMENTO CONCILIADO
ANEXO 18. INCUMPLIMENTO DE PROCEDEMENTO CONCILIADO. PASO A COMÚN
ANEXO 19. MODELO DE PROCEDEMENTO CORRETOR COMÚN
ANEXO 20. MODELO PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO CORRETOR COMÚN
ANEXO 21. MODELO COMUNICACIÓN A INSPECCIÓN EDUCATIVA DE PROCEDEMENTO CORRETOR CONCILIADO/COMÚN
ANEXO 22. MODELO DE CITACIÓN DE ENTREVISTA
ANEXO 23. MODELO DE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO CORRETOR COMÚN

# 1. INTRODUCCIÓN

O Plan de O plan de convivencia do Frei Martín Sarmiento é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, xunto coa promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todo o alumnado, así mesmo, educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.

A nivel legal, son varias as referencias que fundamentan a existencia deste Plan:

▪ A lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

▪ A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, marca as condutas contrarias as normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as correccións mais habituais nos conflitos diarios.

▪ Esta lei desenvolvese no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliado na corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

A estrutura do presente documento respecta en todo caso o establecido en canto ao Plan de Convivencia neste Decreto 8/15.

# 2. CARACTERÍSTICAS E SINGULARIDADES DO CENTRO.

## 2.1 Contorno socioecomómico do IES Frei Martín Sarmiento

O IES Frei Martín Sarmiento, é un centro público localizado no concello de Pontevedra formado por un centro urbano no que se ubica o IES, e 15 parroquias rurais de carácter residencial, nas que reside máis do 40% do total dos 82.828 habitantes do concello.

<table>
<tr><td colspan="3">Poboación empadroada no concello de Pontevedra =82.828 (2022)</td></tr>
<tr><td>de 0-15 anos 13,8%</td><td>15-65 anos 64,10%</td><td>+ de 65 anos 22%</td></tr>
<tr><td colspan="3"><ul><li>4,29% de poboación estranxeira procedente fundamentalmente de Venezuela, Brasil, Colombia e Marrocos.</li><li>En canto o ámbito ecomómico, o 80% da poboación do concello traballa no sector servizos; o 5,9% dos residentes están en paro.</li><li>Respecto ao nivel de estudos, o 5,5% da poboación é analfabeta, 10,4% ten estudos primarios, 45% con estudos secundarios e o 22,7% con estudos superiores (universitarios ou Ciclos Superiores)</li></ul></td></tr>
</table>

Os recursos socioculturais do concello, son:

- **5 bibliotecas públicas** (incluídas as universitarias)
- **Espazos culturais:** Pazo da Cultura, Teatro Principal.
- **Espazos deportivos:** 21 equipamentos e instalacións municipais, 10 espazos públicos para practicar actividades ao aire libre. Outras instalacións: 24 pavillóns dos centros de ensino e

ximnasios privados, mais 10 escolas deportivas municipais e 86 clubes deportivos.

- **55 centros de ensino non universitario:** (39 públicos e 16 privados)

Públicos: EEI (3), CEIP (17), CEP (1), IES (8), EPAPU (1), EOI (1), CIFP (2), Escola de restauración (1), Conservatorio de música (1), CFA de Lourizán (1), Centro público de Escola do Deporta (1), CEE Principe Felipe (1), Centro de Menores Avelino Montero (1).

## 2.2. Xestión e organización do centro que inflúa na convivencia

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015

**O consello escolar**
Funcións (artigo 5 do Decreto 8/2015)

a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto (persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos)
b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos

Outras funcións en materia de convivencia (artigo 127 lei orgánica 2/2006)

g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

**Comisión de convivencia**
Funcións (artigo 6.4. do Decreto 8/2015)

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa

**Claustro**

Funcións (artigo 7 do Decreto 8/2015):

a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**Equipo directivo**

Funcións (artigo 8 do Decreto 8/2015):

a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

Outras funcións en materia de convivencia (artigo 132 da Lei orgánica 2/2006)

a)Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución de conflictos e impoñer as medidas correctoras que correspondan os alumnos e alumnas, no cumprimento da normatica vixente, sin presuizi das competencias atribuidas o Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflictos nos centros

**O centro:**

Dispón de dous edificios:

O edificio principal, de tres plantas, entresollado e dous sotos, e o anexo "Edificio ESO", e as naves anexas para talleres. Nestos dous edificios, o reparto dos espazos é o seguinte:

**Edificio principal**: 5 despachos (4 do Equipo Directivo e 1 do Dep. Orientación), 13 aulas xenéricas, 1 taller de Tecnoloxía de Bacharelato, 2 laboratorios (Ciencias Naturais e Fisica e Quimica), aulas dos Ciclos de Sanidade (2 aulas de Enfermería, 4 laboratorios e 2 aulas polivalentes), aulas dos ciclos de Imaxe Persoal (2 aulas de estética, 2 talleres de peiteado e 2 aulas polivalentes), 1 aula de Educación Plástica, 1 aula de informática, salón de actos, biblioteca, 1 sala de profesores, departamentos, 2 salas de recepción de pais e nais, oficinas, conserxería, cafetería, baños de alumnos e profesores.

**Edificio anexo "Edificio ESO"**: 9 aulas xenéricas, 1 sala de convivencia 1 sala de profesores, 1 aula de Música, taller de Tecnoloxía de ESO, 1 aula de informática, aula polivalente dos ciclos de Electricidade, e ximnasio. En naves anexas ao edificio: talleres do ciclo de Mecanizado (3), talleres dos ciclos de Electricidade (3), e pavillón con vestiarios e baños de alumnos/as.

Cada grupo dispón dunha aula propia e, ademais, existen aulas especializadas para aquelas materias que o necesiten.

Tamén se dispón de dous aparcadoiros independentes, con portal automático, insuficientes para o total de persoal do centro. Todas as aulas están dotadas de canón proxector, pantalla de proxección, pizarra dixital e acceso a internet.

O maior problema do centro, en canto a instalacións, é o de acceso para discapacitados; o Centro dispón da súa entrada principal ao nivel das beirarrúas, sen embargo carece de ascensor nos dous edificios; dita situación impide o acceso a alumnos discapacitados ou con lesións temporais ás demais plantas.

**Oferta educativa IES Frei Martín Sarmiento, curso 2022/2023**

**a. 3 liñas da ESO**: 1º e 3º ESO (LOMLOE), 2º e 4º ESO (LOMCE).

**b. Bacharelato:**

- 4 modalidades de 1º Bacharelato (LOMLOE): Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, Música e Artes Escénicas, Ciencias e tecnoloxía, Humanidades e ciencias sociais.
- 3 modalidades de 2º Bacharelato (LOMCE): Artes, Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.

**c. Ciclos Formativos** (Sanitaria, Imaxe Persoal, Fabricación Mecánica, Electricidade e Electrónica).

**Sanitaria**.

- Ciclo Medio. Coidados Auxiliares de Enfermería (LOXSE): réxime xeral-ordinario e adultos. Ciclo Superior. Laboratorio clínico e biomédico (LOE): réxime xeral-ordinario e adultos.
- Ciclo Superior. Dietética (LOXSE): réxime xeral-ordinario.

**ImaxePersoal**

Ciclo Medio. Estética e beleza (LOE): réxime xeral-ordinario.

Ciclo Medio. Peiteado e cosmética capilar: réxime xeral-ordinario e adultos.

Ciclo Superior. Estética integral e benestar: réxime xeral-ordinario e adultos (Dual).

**Fabricación Mecánica**

- Ciclo Medio de Mecanizado (LOE): réxime xeral-ordinario.
- Ciclo Básico de Fábricación e Montaxe: 1º (LOMLOE), 2º (LOMCE).

**Electricidade**

- Ciclo Medio de Instalacións eléctricas e automáticas (LOE): réxime xeral-ordinario e adultos.
- Ciclo Superior de Sistemas electrotécnicos e automatizados (LOE): réxime xeralordinario.

## Alumnado do centro (a procedencia varía segundo ensinanzas):

O Centro ten a día de hoxe uns 1042 alumnos repartidos entre todos os niveis e quendas existentes, sendo maioritario o alumnado matriculado en Ciclos pola ampla oferta dos mesmos.

- ESO (total)= 263 alumnos

  1º ESO: 78% do alumnado de 1º ESO procede dos centros adscritos CEIP Vilaverde-Mourente e Marcón.

  2º ESO: 30% maioritariamente doutros centros do concello.

  3ºESO: 2,5% do estranxeiro (Venezuela, Colombia e Marrocos fundamentalmente), e 1,3% de centros da provincia.

  4ºESO:7,7% do alumnado ou procede do estranxeiro (3,4%, Francia, Suíza, latinoamérica), ou de centros da provincia.

- Bacharelato ( total)= 155 alumnos

No Bacharelato de Artes (nas dúas vías ofertadas no curso 2022/2023), o 80% procede dalgún dos concellos

da provincia, ao ser o IES Frei Martín Sarmiento un dos dous centros do concello, xunto co IES Xunqueira I, que oferta a vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, e Música e Artes Escénicas; nas outras modalidades, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades, e Ciencias Sociais a % do alumnado procedente doutros concello sou centros non chega ao 25%.

- Ciclos Formativos (Diurno, modular, Dual) = 624 alumnos

Aquí a procedencia é diversa como consecuencia da ampla oferta de familias (Sanitaria, ImaxePersoal, Electricidade e Electrónica e Fábricación Mecánica) e da existencia de quendasde diurno e modular.

**Cortona sociocultural**

Na ESO o centro responde a un entorno socioeconómico e cultural predominantemente medio-baixo, no que predominan as familias con estudos básicos (antiga EXB ou ESO), e en menor medida con Bacharelato, Ciclo Superior e universitarios. Atendendo ás profesións das nais e dos pais, predominan os dedicados ao sector servizos (administración, autónomos, supermercados, empresas de diverso tipo, etc).

O alumnado da ESO utiliza predominantemente o transporte escolar para asistir ás clases, das seis rutas existentes (na práctica 5 autobuses) teñen un horario que fai que moitos nenos/as chegen con bastante antelación ao centro. Á saída os autobuses non adoitan esperar moito tempo.

Especialmente para o uso do transporte, pero tamén para a identificación do mesmo, a comenzo do curso entrégaselle un carnet (con fotografía) que os identifica como alumnado do centro.

**Profesorado** (curso, 2022/2023)

O Claustro está formado actualmente por 107 profesores, dos cales 81 con destino definitivo. Están organizados en 23 departamentos didácticos (co seu correspondente xefe/a de departamento), segundo as distintas especialidades, distribuidos do seguinte xeito:

Artes Plásticas (4 profesores), Bioloxía e Xeoloxía (3 profesores), Economía (3 profesores), Educación Física e Deportiva (2 profesores), Electricidade e Electrónica (9 profesores), Fabricación Mecánica (6 profesores), Filosofía (1 profesora), Física e Química (3 profesores), F.O.L. (4 profesores), Francés (1 profesora), Imaxe persoal (17 profesores), Inglés (4 profesores), Latín (1 profesora), Lingua Castelá (6 profesores), Lingua Galega (4 profesores), Matemáticas (4 profesores), Música (5 profesores), Orientación (2 profesores), Relixión (1 profesora), Sanitaria (18 profesores),Tecnoloxía (5 profesores), Xeografía e Historia (6 profesores).

Existen ademais as figuras de: Coordinador do Erasmus +, Coordinador de Formación en Centros de Traballo, Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística e a responsable da dinamización de Biblioteca.

A participación do profesorado no Centro realízase a través dos seus representantes no Consello Escolar (incluída a Comisión de Convivencia) e das reunións do Claustro de Profesores, e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O equipo directivo actual está composto polo director, Vicedirectora, Secretario, Xefa de Estudos de diurno, e Xefe de estudos de nocturno.

**Persoal non docente (PAS)**

Un total de 12: 4 conserxes, 5 de persoal de limpeza e 3 de oficinas.

## 3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN NO IES FREI MARTIN SARMIENTO

### 3.1. Situación actual da convivencia

Segundo os datos recollidos no PEM que inflúen na convivencia do centro no curso 2022/2023 compre destacar as variables internas do centro:

Fortalezas:

- Integración do alumnado no centro.
- Dotación de equipamento dixital.
- Apertura do centro en horario de mañá e tarde.
- Proxectos do centro.

Debilidades:

- Construcción do centro (espazos, accesibilidade, ...).
- Faltas de asistencia do alumnado
- Resultados académicos/. Implicación docente

### 3.2 Respostas do centro ante as situacións de conflito

Nestes momentos o centro ten adoptado uns protocolos de actuación ante as situacións de conflito máis frecuentes tales como falta de disciplina nas aulas e problemas entre alumnos. En ambos casos, e unha vez que o profesor teña identificado ao/s responsable/s, o proceso consiste en redactar un parte de faltas, enviar ao alumno á xefatura de estudos ou responsable do equipo directivo que se atope neses instantes, quen falará co/s alumno/s, aclarará a situación e decidirá a corrección correspondente en función do historial de faltas acumulado polos alumnos ata ese instante e a gravidade da mesma. A medida correctora *leva implícito unha labor de servizo ao centro.*

As conductas levemente perxudiciais para a convivencia no centro levan aparelladas tres días de suspensión do dereito a asistencia ao centro, consecuencia da **comisión de tres faltas de orde nun periodo dun mes.**

Así mesmo, se os feitos foron moi graves, abrirase un expediente segundo os protocolos desenvolvidos nas Normas de Organización e funcionamento (NOF).

En todos os casos, o profesorado colabora nos diferentes protocolos. En relación coas familias, aínda que a maioría adoita colaborar, sempre existen casos discordantes que impiden unha mellora da actitude dos seus fillos. A comunicación coas familias é inmediata independientemente da gravidade da conducta producida.

### 3.3. Experiencias e traballos previos en relación coa convivencia

Previamente á elaboración e posta en práctica do Plan de convivencia, atenderemos a tres aspectos:

· *Clarificar e xustificar a proposta de elaboración do plan ante a Comunidade Educativa.*

Faise a través do debate sobre a necesidade de levar a cabo este Plan no seo da Comunidade Educativa. Debemos chegar a un acordo sobre a necesidade e a finalidade do Plan.

· *Clarificar e difundir os principios que deben orientar a convivencia no Centro.*

Os valores e as normas que rexen formalmente as relacións entre a comunidade escolar están recollidas no PEC (Proxecto Educativo do Centro) e tamén nas NOF (Normas de organización e funcionamento). Estes documentos (xunto co Plan de Acción Titorial) están destinados a ser dunha grande utilidade para poder aplicalos nos diferentes casos que poidan xurdir no Instituto, no día a día.

Fomentaremos a participación do alumnado, pais e axentes sociais na xestión democrática do Centro, respectando escrupulosamente os roles de cada quen.

A nosa liña metodolóxica establece que se favorecerá no alumnado a capacidade para aprender, para traballar en equipo, para a prevención de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e laboral.

Tamén contribuirá a educar para vivir e traballar nunha sociedade baseada no coñecemento e no desenvolvemento sostible, fomentando a cidadanía activa, a capacidade de aprender ao longo de toda a vida e a integración nunha sociedade vulnerable despois da crise sanitaria da COVID-19.

En resumo, dende o punto de vista da promoción e regulación da convivencia nos centros, é imprescindible que os principias documentos que regulan a organización xeral do centro (PEC, NOF e PAT) recollan e promovan a cultura da resolución positiva de conflitos e que desenvolvan os procedementos a seguir, tanto para a promoción do clima de convivencia coma para a resolución de problemas que vaian aparecendo.

· ***Creación das condicións e estruturas que permitan o seu desenvolvemento.***

Para levar a cabo o Plan contamos co Equipo Directivo que transmite a pertinencia de elaborar o plan e propiciar os medios posibles para o seu axeitado desenvolvemento. Colabora na súa xestación, así como o resto da comunidade educativa, aportando lexitimación ao plan.

Para axeitar o Plan ás necesidades do Centro e poder levalo á práctica, é necesaria a implicación do profesorado a través dos órganos e estruturas de coordinación pedagóxica do Centro.

Para favorecer a participación efectiva dos pais, daráselle cumprida información, organizando, incluso, algunha actividade formativa específica.

Os alumnos poderán facer as súas aportacións, unha vez informados nas sesións de Titoría, grupos de debate ou Xunta de Delegados.

Da mesma maneira, os Departamentos, as reunións de coordinación de titores co Departamento de Orientación poden recibir e transmitir información, facer propostas de actuación, elevar demandas de formación e asesoramento…, durante o proceso e desenvolvemento do Plan.

### 3. 4 Necesidades de formación e recursos

Para o desenvolvemento do Plan e necesaria unha formación integral da comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética, segura e responsable. Para o desenrolo destas formacións precisamos duns recursos humanos, colaboración de toda a comunidadeeducativa; e recursos materiais, gráficos e visuais (trípticos informativos)

| **Formación profesorado** |
|---|
| ● Actividade formativa que permita recibir asesoramento e formación<br>● Talleres para adquirir estratexias que permitan detectar que situacións son as que máis favorecen os conflitos entre o alumnado e entre alumnado e profesores para previlos.<br>● Cursos da educación en valores e habilidades sociais, resolución de conflitos e mediación |
| **Formación do alumnado** |
| ● Programa de Mediación Escolar (estratexias que permitirán solucionar os conflitos de maneira creativa e eficaz) |
| **Formación das familias** |
| ● Talleres de Resolución de Conflitos. |

| **Recursos** | |
|---|---|
| Recursos humanos | Recursos materiais: |
| Colaboración de toda a comunidade educativa.<br>Profesorado e alumnado que se implique na mediación escolar | Trípticos informativos<br>Taboleiro de aula<br>Páxina web do Centro |

# 4. OBXECTIVOS

Os obxectivos relacionados co ámbito humano recollidos nas NOF, en relación ca convivencia figuran de xeito claro e conciso os seguintes:

- Estimular a tolerancia como norma de convivencia.
- Potenciar o diálogo como método de resolución de conflitos.
- Propoñer e canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia.

Priorizaranse aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa. Para a súa divulgación e interiorización utilizaremos o Plan de Acción Titorial e os boletíns informativos para as Familias (entre outras accións) e a páxina web do centro, asemade doutros recursos TICs.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes obxectivos:

· Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.

· Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidaridade e a interiorización das normas de convivencia.

· Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima da clase para evitar a conflitividade e diminuír as condutas máis graves.

· Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante o diálogo, a negociación e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.

· Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de xeito positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.

· Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desoriente ao alumnado.

· Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para solucionar problemas de convivencia.

· Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e so cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.

· Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

· Concienciarnos de que a mellora da convivencia e o logro dun bo clima educativo facilita o proceso de ensino-aprendizaxe.

· Fomentar a colaboración entre o centro e as familias, nun clima de confianza e respecto.

· Fomentar a colaboración con outras institucións sociais da zona (servizos sociais, centros de acollida, etc.).

· Axudar o alumnado a formar unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características, calidades, posibilidades e limitacións que lles permitan canalizar de forma equilibrada a súa actividade (escolar, de lecer, afectiva,...) e contribúa ao seu benestar.

· Promover valores, actitudes e comportamentos que rexeiten a violencia.

Saber convivir cos conflitos, reflexionar sobre as súas causas e propoñer solucións creativas e pacíficas aos mesmos.

· Sensibilizar á comunidade educativa ante os problemas ambientais e o efecto dos nosos comportamentos habituais sobre o equilibrio do entorno.

· Recoñecer os valores que existen na diversidade de individuos e culturas, desenvolvendo a capacidade de cooperar cos demais.

· Favorecer relacións igualitarias entre homes e mulleres.
· Facilitar modelos reais de actitudes pacíficas, responsables e solidarias fronte aos continuos modelos violentos presentes nos medios de comunicación.
· Favorecer o traballo en equipo, a colaboración e a busca compartida de solucións aos problemas habituais na convivencia do alumnado nun centro escolar.
· Colaborar coa ANPA para que poida organizar actividades dirixidas á formación das familias.
· Posta en marcha do servizo de mediación como ferramenta para mellorar a convivencia do centro.
- Capacitar ao alumnado para crear unha identidade dixital segura.
-Sensibilizar á comunidade educativa na educación para a saúde.
-Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
-Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

Con esta serie de obxectivos xerais preténdese favorecer as seguintes **actitudes**:

▪ Asunción por parte de todos os membros da comunidade educativa de que a convivencia é tarefa de todos.
▪ Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza, nacionalidade, ideoloxía... e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
▪ Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro; e coidado no uso das dependencias e o material.
▪ Concienciación de que estamos suxeitos a dereitos e deberes; e de que existen límites que hai que respectar.
▪ Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais.
▪ Valoración do diálogo como instrumento de resolución destes.
▪ Romper o silencio cómplice que adoita establecerse en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
▪ Mellora do autocontrol, autovaloración e auto superación.
▪ Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
▪ Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudio dos compañeiros.
▪ Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
▪ Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacionalidade, raza, sexo, relixión o calquera outra circunstancia persoal ou social.
▪ Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
▪ Participar na vida e funcionamento do centro.
▪ Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
▪ Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.
▪ Mellorar o autocontrol, a autovaloración e a autosuperación
▪ Rexeitar o "silencio cómplice" que se establece en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar as situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
▪ Manter unha actitude crítica ante os usos verbais e non verbais de contidos e formas que supoñan unha discriminación social, racial, sexual, etc.

# 5. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

| Actividades a nivel xeral | Actividades nos Departamentos Didácticos e na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) | Actividades de Acción Titorial |
|---|---|---|
| a) Coñecemento do Plan por todos sectores da Comunidade Educativa para a súa aplicación, seguimento e avaliación, a través das distintas xuntanzas dos órganos colexiados e de carácter pedagóxico, reunións dos pais/nais e da ANPA Xocas.<br>b) Colocación dunha caixa de correo a disposición do alumnado e das familias para que o alumnado inseguros, con medos e temores a posibles represalias poidan comunicar ao centro as presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etc.<br>c) Incidencia na mellora da vixilancia no recreo e nos cambios de clase.<br>d) Realización de campañas de actividades que redunden no coñecemento compartido dos bens comúns (equipamento, instalacións, enerxía; e da implicación de todos para o seu coidado, mantemento e promoción).<br>Actividades de sensibilización para favorecer a identificación das manifestacións de acoso e ciberacoso escolar dentro dos centros docentes e nas que teñan en conta a contextualización do centro e a incidencia desas manifestacións na poboación escolar.<br><br>Obradoiros que favorezcan a convivencia no centro e aborden temas como a xestión emocional e a prevención dos desaxustes emocionais e os trastornos de saúde mental do alumnado.<br><br>Obradoiros para fomentar a educación na diversidade, desenvolvendo valores de respecto entre as diferentes culturas que coexisten dentro e fóra do ámbito escolar. Actuacións para a prevención da aparición do racismo e da xenofobia.<br>Campaña de concienciación e formación das familias dirixida ao fomento dunha actitude proactiva para a desnormalización das situacións cotiás de acoso e ciberacoso escolar. | a) Formular propostas na C.C.P. para a mellora da convivencia no Centro e detectar posibles condutas problemáticas.<br>b) Incluír nas programacións dos departamentos e programacións didácticas actividades para traballar os alumnado a formación de actitudes, valores e normas que forman parte dos contidos curriculares das materias, áreas e materias. Así mesmo, engadir actividades de recuperación e reforzo para atender á diversidade e previr o fracaso escolar.<br>c) Planificar nas programacións didácticas situacións de "aprendizaxe cooperativo". Ditos aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta a diversidade de alumnos e alumnas.<br>d) Dispoñer, de xeito sistemático, de materiais para traballar fóra do Instituto e que serían utilizados polo alumnado nas situacións de expulsión do Centro. | a) Realizar actividades de acollida e integración do alumnado. En particular, cando un alumno ou alumna se incorpore ao centro unha vez comezado o curso nomearase, un titor de acollida que será outro alumno ou alumna do grupo que proporcionará información e acollida de tipo persoal, organizativa e académica.<br>b) Coñecer ao grupo-clase.<br>c) Impulsar a apoiar a figura dos delegados da clase.<br>d) Facilitar o coñecemento do Centro, Proxecto Educativo, estrutura e organización do IES, Biblioteca, axuda ó estudo, Departamento de Orientación.<br>e) Dar a coñecer as Normas de organización e funcionamento (NOF), dereitos e deberes do alumnado, participación, elección de delegado e subdelegado, organización do grupo clase, normas de convivencia e disciplina, Plan de Convivencia e os seus procedementos, etc.<br>f) Revisar continuamente as incidencias de convivencia e coordinar o diálogo na clase para a resolución de conflitos.<br>g) Sesións de avaliación. O titor/a, antes e despois das avaliacións, comentará co alumnado as normas de convivencia, problemas de disciplina, etc, e chegará a acordos de mellora co grupo de alumnos/as.<br>h) Programar e desenrolar de xeito progresivo e con métodos de aprendizaxe cooperativo, ao longo dos diferentes cursos e niveis educativos, os temas que preveñan e melloren a convivencia no Centro.<br>i) Comunicar a Xefatura de Estudos, segundo o procedemento establecido nas NOF e neste Plan de Convivencia, os incumprimentos das normas de convivencia.<br>j) Fomentar a colaboración dos pais e nais co centro para previr e abordar as posibles situacións contrarias as normas de convivencia, alteracións do comportamento, acoso e intimidación.<br>k) Colaborar co Departamento de Orientación cando o caso e os procedementos de actuación o requiran.<br>l) Celebrar o 30 de xaneiro o día de non violencia e a paz, o 8 de marzo, celebracións LGBTI e todas aquelas xornadas e actividades que contribúan á mellora da convivencia.<br>m) Limpeza recollida da aula ao rematar o trimestre. |

| Actividades do Claustro de Profesores e do Profesorado en xeral | Actividades do Departamento de Orientación | Actividades das familias |
|---|---|---|
| a) Fomentar a integración do profesorado a través de accións que favorezan a adaptación dos novos profesores, tales como a elaboración da guía de profesorado que se elabora todos os cursos na que se recollen os aspectos organizativos do centro.<br>b) Promover a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia, etc.<br>c) Nas sesión de avaliación detectar non soamente problemas de aprendizaxe senón tamén posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso e intimidación para poder abordalos tanto a nivel individual como grupo.<br>d) Os profesores implicaranse no desenrolo das actuacións e procedementos planificados neste Plan.<br>e) Comunicarán ao titor/a e á Xefatura de Estudos os incumprimentos das normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación que observen nos alumnos/as.<br>f) Fomentar no exercicio da tarefa docente os seguintes aspectos básicos:<br>▪ O traballo e o esforzo.<br>▪ As técnicas de estudo.<br>▪ A autonomía persoal e organización do grupo.<br>▪ O reparto de funcións entre o alumnado.<br>▪ A variedade nas formas de agrupar.<br>▪ Respeto a todos os membros da comunidade educativa.<br>▪ Impulsar o coidado das instalacións. | a) Realizar propostas de mellora para a aplicación do plan.<br>b) Levar a coordinación do equipo de mediación.<br>c) Asesorar, no caso de que a problemática o requira, nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.<br>d) Participar, sempre que sexa posible, nas sesións de avaliación inicial e avaliacións ordinarias.<br>e) Poñer a disposicións dos titores/as, na medida do posible, materiais, cuestionarios, documentos, bibliografía, etc, para levar a cabo as actividades do Plan.<br>f) Cooperar na relación titores familia. | a) Coñecer o Plan a través de: Reunións de pais/nais, entrevistas co titor/a, participando no Consello Escolar e/ ou reunións da ANPA, etc.<br>b) Estar informados da existencia dunha caixa de correo de suxestións a disposición dos alumnos/as e das familias por si as circunstancias o requiren.<br>c) Informar ao titor/a se os seus fillos sofren algunha alteración do comportamento ou situacións de acoso e intimidación para actuar rapidamente e evitar posibles danos no desenrolo da personalidade dos seus fillos.<br>d) Colaborar co centro nas medidas impostas ós seus fillos no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa finalidade de modificar ditas condutas e favorecer o desenrolo positivo da personalidade dos seus fillos.<br>e) Colaborar co titor/a dos seus fillos/as e co centro en cantas cuestións se lle soliciten.<br>f) Participar nas reunións convocadas pola dirección do centro ou os titores a fin de poder ter un contacto directo entre o centro e as familias. |

| Actividades do persoal non docente | Actividades da ANPA (Asociación de nais e pais) | Actividades relacionadas con outras institucións |
|---|---|---|
| a) Informar ao Equipo directivo de calquera situación que observen de condutas disruptivas, agresións, acoso e intimidación, alteracións do comportamento, para a súa inmediata intervención.<br>b) Colaborar nas horas de recreo e nos cambios de clase, por ser momentos especialmente propicios para que se produzan condutas contrarias ás normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación. | a) Dar a coñecer a todos ós seus membros o Plan de Convivencia. (Xunta Directiva na Asemblea Xeral).<br>b) Potenciar a participación dos pais/nais na vida do Centro.<br>c) Organizar, se é posible, charlas, debates, sobre temas educativos:<br>1. Convivencia e comunicación.<br>2. Educar na responsabilidade e na tolerancia.<br>3. Relacións pais e fillos.<br>4. Aprender a controlarse, poñer límites e tolerar fracasos.<br>5. Acoso e intimidación e estratexias para abordalo.<br>6. Adolescencia e xuventude.<br>7. Resolución de conflitos. | a) Concello.<br>▪ Benestar Social xa que é a que inclúe: condutas adictivas, drogas,...<br>▪ Deportes, Educación e Igualdade.<br>▪ Concellería de xuventude.<br>▪ Policía Local.<br>b) Organizacións non gobernamentais.<br>c) Servizos sanitarios da zona. (Atención Primaria e Especializada).<br>d) Plan director do Ministerio de educación. |

## 6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.g

### 6.1. Criterios de identificación do acoso escolar.-

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

| Criterios de identificación do acoso escolar | |
|---|---|
| A existencia de **intención de facer dano.** | – Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente. |

| | |
|---|---|
| A **repetición das condutas agresivas.** | – A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.<br>– Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo<br>– É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos. |
| **A duración no tempo**. | – Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.<br>– Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación. |

# 7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o Decreto 8/2015 (DOG do 27 de xaneiro) a Comisión de Convivencia constituirase no seo do Consello Escolar, terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia.

- Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.
- Os integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.
- Composta por:
    - Un presidente, será a persoa titular da dirección do centro.
    - Representantes do alumnado.
    - Representantes do profesorado.
    - Representantes das familias.
    - Representantes do persoal de administración e servizos.

Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados

### 7.1 Plan de reunións

As reunión realizaranse no Consello Escolar, e poden ser de:

- **Carácter ordinario**: Tres anuais, unha por trimestre
- **Carácter extraordinario**: Cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

### 7.2 Funcións e plan de actuación

A comisión de convivencia terá as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 8. NORMAS DE CONVIVENCIA. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR

As normas de convivencia do centro atópanse recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro, onde se reflicten os dereitos e deberes de convivencia e participación directa dos pais, nais, titoras ou titores; do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizo; segundo se establece no título II da Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no capítulo II do Título I do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

## 9. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR

Serán **OBXECTO DE CORRECCIÓN DISCIPLINARIA** as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado **dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares,** así como durante a prestación dos servizos de comedor e **transporte escolar**.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido no apartado seguinte.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia **realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos** que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

### 9.1 Responsabilidade e reparación de danos

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

### 9.2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

#### 9.2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de

administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido no apartado 4 deste plan de convivencia.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia, trala aplicación de medidas correctoras de suspensión do dereito ao centro durante tres días.

l) O incumprimento das sancións impostas.

**9.2.2. <u>Condutas leves contrarias á convivencia</u>**

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do apartado anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto. .



b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do apartado anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) Reiteración nun mismo curso escolar de condutas leves contrarias convivencia

### 9.3. Prescrición das condutas contrarias á convivencia

As condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección **prescriben aos catro meses da súa comisión** e as condutas **leves** contrarias á convivencia, **ao mes**.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

### 9.4. Medidas correctoras

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. Neste a participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento corretor común de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección común da conduta contraria á norma de convivencia.

Este procedemento de mediación descríbese nos **anexos 14 ao 18.**

### 9.4.1. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

### 9.4.2. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### 9.4.3. Graduación das medidas correctoras

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

#### 9.4.4. Prescrición das medidas correctoras

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## 9.5. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

### 9.5.1. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste apartado.

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa (**Anexo 19).**

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a tres días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

A persoa encargada da instrucción citará aos pais ou titores legais do menor para entrevistalo co fin de esclarecer os feitos (**Anexo 22)**. Dita entrevista co/a alumno/a quedará reflectida no correspondente documento onde aquel contestará as cuestións que lle plantee o/a instructor/a.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei, logo de comunicarllo de xeito fehaciente (sms certificado/correo postal certificado

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei (**Anexo 23).**

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa (**Anexo 21).**

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na línea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### 9.5.2. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefatura de estudos a través do parte establecido para tal fin. Para elo deberase cubrir o parte de faltas de orde e enviar ao alumno á xefatura de estudos quen recibirá ao alumno, falará con el e posteriormente cargará a falta no XADE, enviará un SMS aos pais informándolles da cuestión, e dará unha copia da falta ao alumno/a para que a traia asinada polos seus pais o seguinte día lectivo. Así mesmo, asinará un *recibí* para que o alumno/a llo entregue ao profesor ao voltar a aula.

b) A xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do apartado 6.3.2.

c) A dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do apartado 6.3.2. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

### 9.5.3. Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos corretores regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela. A comunicación desde o centro farase por medio de sms certificiado ou correo postal certificado.

# 10. AULA INCLUSIVA

## 10.1. Concepto.-

A Aula inclusiva é un espazo cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

## 10.2. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva.-

A dirección do centro decidirá se o tempo no que se priva ao alumnado da asistencia ao centro cumplirase na aula inclusiva, previa consulta ao titor/a . Para elo se valorará as circunstancias persoais, a gravidade da falta cometida e todas aquelas consideracións que determinen que é máis beneficioso: que quede no centro ou expulsalo para a súa casa.

O tempo que o alumnado permaneza na aula inclusiva, será dedicado a desenvolver as tarefas que o profesorado ten a obriga de proporcionar mentres dure a expulsión. Do mesmo xeito, a aula de convivencia inclusiva estará atendida polo profesorado de garda que lle corresponda en cada hora.

A xefatura de estudos elaborará para cada caso un horario de cales serán os espazos que se adicarán a aula de convivencia inclusiva, durante todo o tempo que dure a sanción. Este horario farase público no taboleiro de anuncios de cada unha das salas do profesorado.

# 11. MEDIACIÓN ESCOLAR.-

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, o centro poderá utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

As normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro establecerán as bases para a formación dos equipos mediadores e os supostos no que se aplicará a mediación escolar.

## ALUMNOS MEDIADORES E AXUDANTES NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E NA PREVENCIÓN DE DETERMINADAS CONDUCTAS.

· A través da amizade, os xoves aprenden a practicar as habilidades da interacción social que se requiren para manter relacións próximas (próximas), para controlar a comunicación, o conflito e para aprender a confiar no outro.

· Por elo a relación de amizade sensibiliza ós xoves cara as necesidade dos outros e favorece a adaptación social. A vez que axuda a crear unha imaxe máis axustada da súa propia persoa ó verse reflectidos na reacción dos outros.

· Esta interacción social promove o desenrolo cognitivo, ao permitir aos/ás rapazes/as predicir o comportamento dos outros, controlar a súa propia conduta e consecuentemente a regular a súa interacción social. A cognición non se conceptualiza coma un proceso illado do individuo, en todo caso, relaciónase con outros e benefíciase da súa influencia ou expresa nesta relación os seus logros individuais. (Slomkovski e Dunn, 1996; Rogoff, 1998).

· Das relacións sociais forman parte indisoluble os procesos motivacionais, emocionais e de identidade.

· Cando os alumnos/as actúan no papel de axuda mellora a súa autoestima e o propio exercicio da axuda, máis alá dun eficiente desenrolo das habilidades sociais que se requiren para levala a cabo, esíxelles o modelado no seu comportamento e nas súas actitudes.

· Isto supón que os alumnos/as que actuarán como figuras de axuda de xeito indirecto comprométense a mellorar a súa propia imaxe tanto polo seu realce persoal no exercicio do cargo, como na percepción que deles teñen o resto, polo que os maiores beneficiarios distes modelos son os/as alumnos/s implicados en colaborar e prestar axuda.

· Dende a perspectiva da organización escolar basease na creación e formación dun colectivo do alumnado que é capaz de escoitar e acompañar nas súas necesidades a outros compañeiros conseguindo que os conflitos sexan detectados e intervidos en niveis baixos de intensidade e promovendo o interese colectivo polo seu tratamento.

· Con estes modelos constrúense procedementos para a xestión da convivencia co recurso dos propios compañeiros coma elemento clave da intervención, no que o clima escolar tende a actitudes de protección e preocupación polo benestar do conxunto. Polo tanto, os sistemas de axuda promoven situacións de aprendizaxe no medio escolar nas que os alumnos escóitanse entre eles, preocúpanse uns dos outros e axúdanse.

· Neste modelo crease un grupo de alumnos que tras recibir unha formación en técnicas de escoita activa e desenrolo da empatía e resolución de problemas axudan aos seus compañeiros en situacións de indefensión, confusión, dificultades académicas e dificultade de relación cos seus iguais e inclusive có profesorado.

· É unha proposta multidimensional que inclúe actividades de grupo clase e intervencións individuais.

· Constrúense a partir de grupos clase introducindo o papel do “alumno axudante” dentro da

organización da aula, a que se lle adxudican tarefas específicas no desenrolo do día a día. A diferenza do delegado de curso, este non está regulado polos Regulamentos Orgánicos do Centro e non actúa coma representante oficial do grupo, senón que as súas intervencións son actos voluntarios baseados nunha mellora da calidade das relacións.

Os obxectivos xerais do modelo son os seguintes:

1. Fomentar a colaboración, o coñecemento e a busca de solucións nos problemas interpersoais no ámbito escolar.
2. Mellorar a convivencia nos centros educativos.
3. Reducir os casos de maltrato entre alumnos/as, así como previr o consumo de sustancias nocivas.
4. Promover a toma de decisións dos propios alumnados/as na resolución dos conflitos e problemas de disciplina.
5. Incrementar os valores da cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da Comunidade.

Nestes modelos o alumnado é seleccionado, polos profesores ou a vontade propia.

A selección dos alumno/as que participan nos programas e a formación para a súa posta en práctica e desenrolo persoal son pezas claves para o seu bo funcionamento.

Unha vez que reciben a formación ou a información, constitúese o equipo de axudantes que actúa cada un tanto no seu grupo aula, coma a nivel de Centro, convertíndose este equipo na unidade de apoio a mellora da convivencia, mantendo reunións periódicas coa persoa responsable que coordina todo o labor.

## 12. MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O presente Plan debe contar para a súa aprobación coa participación de toda a Comunidade Educativa como unha parte fundamental para a súa vixencia.

Unha vez aprobado debe ser convenientemente difundido entre os distintos sectores, utilizando todos os medios dispoñibles: edición escrita, publicación na páxina Web do Centro, comentarios continuados dos titores/as ante os pais e ós alumnos/as.

Ao final do primeiro ano no seu desenvolvemento de xeito especial, e en cursos sucesivos, avaliarase este Plan en todos seus termos para introducir se fose necesario as modificacións oportunas.

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realicen as respectivas comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia, así como a memoria anual que elabore o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para realizar a avaliación do Plan de Convivencia pode seguirse este modelo.

| CRITERIOS PUNTUACIÓN | ASPECTOS A CONSIDEREAR | PUNTUACIÓN (0 –5) |
|---|---|---|
| **Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.** | **- Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados?**<br>**- Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior?**<br>**- Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?** | **Moi negativa: 0**<br>**Moi positiva: 5** |

| | | |
|---|---|---|
| Alcance do plan de convivencia. | -Recolle valores e actitudes (acollida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)?<br>-Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)?<br>-Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)? | Non se recollen: 0<br>Recollense todas:5 |
| Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia | - Existe a figura de coordinador da convivencia no centro?<br>- Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia?<br>- Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción titorial?<br>- Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación? | Non existiu : 0<br>Foi moi alta: 5 |
| Existencia e coñecemento de protocolos de actuación de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas | - Existen protocolos claros e definidos de actuación?<br>- Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?<br>- Existe un procedemento de actualización dos protocolos?<br>- As versións dos protocolos están actualizadas e á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles? | Non existen: 0<br>Aplícanse con eficacia:5 |
| Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? | -Existen protocolos claros e definidos de actuación?<br>-Inclúen estes protocolos o ciber acoso ?<br>-Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados?<br>- Os protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa?<br>- A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima? | Non existen:0<br>Existen e cúmprense:5 |
| Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. | - Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia?<br>- O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación, aula, centro e contorno? | Non se cumpriu ningún: 0<br>Cumpríronse todos:5 |
| Funcionamento da comisión de convivencia do centro | - Cantas veces se reuniu ao longo do curso?<br>- Cales foron os principais temas tratados?<br>- Realizou o seguimento do plan de convivencia?<br>- Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro? | Non existen: 0<br>Existen e aplícanse con eficacia:5 |
| Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. | - Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?<br>- Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos?<br>-Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación?<br>- Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro? | Non existen: 0<br>Existen e aplícanse con eficacia:5 |
| Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. | - Realizaronse as actividades programadas?<br>- O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados? | Non se realizaron: 0<br>Realizaronse con éxito:5 |
| Programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá | -Está elaborado o programa de habilidades sociais?<br>-Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá?<br>-Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais? | Non existen: 0<br>Aplícanse con eficacia:5 |
| Protocolos para a detección, prevención e tratamento de situacións de acoso. | - Existen protocolos claros e definidos de actuación?<br>-Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático?<br>- Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? | Non existen: 0<br>Existen e aplícanse con eficacia:5 |

| | | |
|---|---|---|
| | -Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa?<br>-A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima? | |
| Realización de actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia. | -Propuxéronse actividades formativas para a mellora da convivencia?<br>-Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia?<br>-Os diferentes sectores da comunidade educativa implicáronse nas actividades propostas? | Non existe:0<br>Fixeronse cunha grande implicación:5 |
| Propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico | -Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado?<br>-Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica?<br>-Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido?<br>- Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico | Non existen:0<br>Existen e aplicanse con eficacia:5 |
| Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. | Existe un protocolo?<br>Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia?<br>Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais? | Non existe:0<br>Existe e é eficaz:5 |
| Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos | - Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia?<br>- O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados?<br>-Os procedementos, favoreceron a resolución do conflito? | Non existen:0<br>Existen e son eficaces:5 |
| Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. | -Está elaborado o programa de habilidades sociais?<br>- Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá?<br>- Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais? | Non existe:0<br>Existe e cúmprese:5 |
| . Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia. | -Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia?<br>-Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa? | Non se realizaron: 0<br>Realizáronse con éxito:5 |
| Renovación do plan de convivencia. | - Faise un seguimento periódico do plan? | Non se renova:0<br>Renóvase anualmente:5 |

# Anexo 1

## Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar

| | |
|---|---|
| *I.E.S. FREI MARTÍN SARMIENTO* | *Código do centro*<br>36006730 |

**Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar**

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| Persoal non docente | | |

**Vía de coñecemento e comunicación da situación**

| | |
|---|---|
| Observación directa | Titoría de pais/nais (PAT) |
| Caixa de suxestións do centro | A través dun medio telemático (especificar): |
| Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT) | |
| Titoría de alumnado (PAT) | |

**Posible vítima**

| | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo* |

**Posible agresor/a**

| | | |
|---|---|---|
| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo* |

**Breve descrición dos feitos** (debe concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

1.º

2.º

3.º

………………………………., ……… de ……………………… de ……………

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*) Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

.



# Anexo 2

## Nomeamento da persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima

O responsable da atención e apoio á presunta vítima será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática e, sobre todo, que sexa de confianza para a vítima. Pode ser o orientador ou orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora próximo.

Estimado/a señor/a D/Dª ... (nome e apelidos do docente):

Como profesor/a que é do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno/a ... (nome do/a alumno/a), por parte da dirección do centro decidiuse que sexa vostede a persoa que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable de acompañar a posible vítima e de lle servir de axuda durante todo o proceso do citado protocolo e, de ser o caso, no transcurso da tramitación do expediente que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os primeiros contactos de acompañamento e axuda ao/á alumno/a mencionado/a. Da información que poida obter deste acompañamento e que se considere relevante para o esclarecemento dos feitos, manterá informada a persoa responsable da tramitación e/ou a persoa que ocupa a dirección do centro.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

………………………………., ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

(sinatura da persoa nomeada)

(O/A Director/a)
Recibín



# Anexo 3

### Primeira comunicación á familia da presunta vítima

Estimado/a señor/a D/Dª ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da dirección do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a ser sufrida polo/a seu/súa fillo/a ... (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ... (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro para a protección do/a seu/súa fillo/a e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa protección, adoptadas ante a posible gravidade das condutas consisten en: ...

- 1.
- 2.
- ...

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha nova entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

...................................., ......... de .......................... de ..............

Sinatura

(sinatura/s do/s representante/s legais do/a alumno/a )

(O/A Director/a)
Recibín e fun informado/a



## Anexo 4

### Primeira comunicación á familia da/s persoa/s presunta/s agresora/s

Estimado/a señor/a D/Dª ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da dirección do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar na que aparece implicado/a o/a seu/súa fillo/a ... (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ... (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o

próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais, adoptadas ante a aparente gravidade das condutas, consisten en:

- 1.
- 2.
- ...

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

...................................., ......... de .......................... de ..............

Sinatura

(sinatura/s do/s representante/s legais do/a alumno/a )

(O/A Director/a)
Recibín e fun informado/a



## Anexo 5

### Nomeamento da persoa responsable das averiguacións previas

O responsable das averiguacións previas será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática. Pode ser o orientador ou a orientadora do centro, un profesor o unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora.

Estimado/a señor/a D/Dª ... (nome e apelidos do docente):

Como profesor/a que é do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia dunha posible situación de acoso escolar sufrida polo/a alumno/a ... (nome do/a alumno/a), a dirección do centro decidiu que sexa vostede o que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable da posta en marcha das actuacións recollidas no citado protocolo e, de ser o caso, da tramitación do expediente que poida

derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do nome do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os trámites oportunos e manteña informada de todas as actuacións efectuadas á persoa que ocupa a dirección do centro. Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

..................................., ......... de .......................... de ..............

Sinatura

(sinatura da persoa nomeada)

(O/A Director/a)
Recibín



# Anexo 6

## Recollida inicial de información

**Datos do centro educativo**

| Nome do centro | Código do centro |
|---|---|
| | |

**Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar**

| |
|---|
| |

**Data do requirimento da intervención** (día/mes/ano)

| |
|---|
| |

## Posible vítima

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ Muller □ Home |
|---|---|---|

## Posible agresor/a

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ Muller □ Home |
|---|---|---|

## Tipo da agresión denunciada

| **Verbal** | **Física** |
|---|---|
| □ Alcumes ofensivos<br>□ Insultos<br>□ Calumnia, desprestixio, falar mal de alguén<br>□ Provocacións<br>□ Ridiculización pública<br>□ Outros | □ Incomodar (empurróns, agresións leves)<br>□ Pegar, agresións importantes<br>□ Agachar cousas<br>□ Romper cousas<br>□ Roubar cousas<br>□ Outros |
| **Social** | **Maltrato mixto** |
| □ Non dirixirlle a palabra<br>□ Illar no grupo e/ou no centro<br>□ Ignorar<br>□ Non deixar participar<br>□ Ridiculizar as súas opinións, aspecto etc.<br>□ Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc.<br>□ Outros ... | □ Ameazas<br>□ Chantaxe<br>□ Extorsión, obrigar a facer algo con ameazas<br>□ Intimidacións<br>□ Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc.<br>□ Outros ... |
| **Acoso ou abuso sexual** | **Outros** |
| □ Si □ Non<br>□ Físico □ Verbal | □ ...<br>□ ... |
| **Novas tecnoloxías** | |
| □ Mensaxes ao móbil<br>□ Chamadas anónimas ao móbil<br>□ Correos electrónicos<br>□ Utilización da imaxe<br>□ Gravacións de sucesos<br>□ Mensaxes nas redes sociais | |



| |
|---|
| □ Difamación nas redes sociais<br>□ Outros |

## Lugares e momentos onde se produce o maltrato

| | |
|---|---|
| □ No patio<br>□ Nos corredores<br>□ Nos baños<br>□ Nos vestiarios do ximnasio<br>□ No recreo<br>□ Nas entradas do centro<br>□ Nas saídas do centro<br>□ No comedor escolar<br>□ No transporte escolar<br>□ No camiño da casa ao centro<br>□ No exterior do contorno do centro (lugares de ocio e do barrio) □ Na fila de entrada á clase<br>□ Nos cambios de clase | □ Na clase, en ausencia do/a profesor/a<br>□ Na clase, cando o profesor está cara ao encerado para explicar □ Na clase, cando o profesor está a atender a algún/ha alumno/a □ No móbil, cando está na clase (wsp ou sms)<br>□ No móbil, cando está na casa (wsp ou sms)<br>□ Por internet, cando está no centro (redes sociais, chat ou correo electrónico)<br>□ Por internet, cando está na casa (redes sociais, chat ou correo electrónico)<br>□ Por internet, cando está en lugares de ocio (redes sociais, chat ou correo electrónico)<br>□ Outros: ... |

## Características do acoso que se detectan

| Característica | Si | Non | Non sabe/Non contesta |
|---|---|---|---|
| □ Indefensión (1) | □ | □ | □ |
| □ Desequilibrio de poder (2) | □ | □ | □ |
| □ Repetición (3) | □ | □ | □ |
| □ Personalización (4) | □ | □ | □ |
| □ Invisibilidade (5) | □ | □ | □ |
| □ Outros (6) | □ | □ | □ |

**Observacións**

– 1) *Indefensión*: a vítima non responde ao maltrato, cala, amosa temor ao falar, no quere ir ao centro, cede ás ameazas e chantaxes.
– 2) *Desequilibrio de poder*: a persoa agresora actúa en grupo, ten máis forza física, idade ou poder ca a vítima, presume das súas falcatruadas ante o grupo, considera mexericas a vítima.
– 3) *Repetición*: dedúcese do número de ocasións en que se produce o acoso e/ou da súa duración no tempo.
– 4) *Personalización*: a vítima é sempre a mesma, elíxese algunha característica súa diferencial e etiquétase.
– 5) *Invisibilidade*: o acoso prodúcese en ausencia de adultos ou en lugares (baños, vestiarios, recreos, entradas/saídas) de máis difícil control.
– 6) *Outros*: existe documentación escrita de inxurias (mensaxes de teléfono, internet…), de lesións físicas ou hai evidencias destas lesións.

## Feitos observados

| Data e lugar de realización | Conduta observada | Implicados e testemuñas |
|---|---|---|
| | | |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

………………………………., ……… de ……………………… de ……………

Sinatura

*Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa.*
(persoa receptora da información, responsable das averiguacións previas)
*Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*



# Anexo 7

## Entrevista coa presunta vítima

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da posible vítima, así como tranquilizala e romper o seu illamento social, á vez que se lle amosa apoio e protección.

A persoa que empregue este cuestionario deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Debe contrastarse a veracidade da sospeita ao mesmo tempo que ofrecer apoio e escoita.

Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos facilitar a súa comunicación cunha actitude comprensiva, deixándoa falar e aproximándose asertivamente, e que non se sinta cuestionada.

Debemos iniciar esta entrevista con preguntas xenéricas, abertas, de forma indirecta, de xeito que se relaxe e establecer un ambiente distendido, para logo centrar a entrevista nos supostos feitos e gañar a confianza do interlocutor (frases do tipo "estamos aquí para axudarche", "todo o que falemos queda entre nós", "non tes que sentirte culpable do que che pasa"... Nos casos de ciberacoso sexista e/ou sexual, preguntar sobre contidos deste tipo de acoso para verificalo). Rematarase amosando unha actitude tranquilizadora (frases do tipo: "esta situación vai cambiar", "non estás só/soa nisto", "podémosche axudar"...).

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de seguridade para a posible vítima.

**Datos persoais da presunta vítima**

| *Nome e apelidos (ou iniciais destes)* | *Curso e grupo* | *Sexo*<br>□ Muller □ Home |
|---|---|---|

**Preguntas para a recollida dunha información inicial e rexistro das respostas**

As respostas permitirán saber como é a situación da presunta vítima no centro.

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|

| | |
|---|---|
| ▪ Como te atopas na clase? | |
| ▪ Sénteste integrado/a no centro? | |
| ▪ Tes amigos/as? | |
| ▪ Como son as relacións cos teus compañeiros e coas túas compañeiras? | |
| ▪ Como son as relacións co profesorado? | |
| ▪ E co persoal non docente? | |
| ▪ Sabes en que consiste o acoso? | |
| ▪ Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais? | |
| ▪ Por que cres que se dan este tipo de situacións? | |
| ▪ Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión? | |
| ▪ ... | |

| **Preguntas tipo** | **Respostas** |
|---|---|
| ▪ ... | |
| ▪ .. | |

## Preguntas para a análise da situación ocorrida e rexistro das respostas

Trátase de que a presunta vítima faga un relato do suceso no que se ve implicada.

| **Preguntas persoais** | **Respostas** |
|---|---|
| ▪ Que foi o que aconteceu? | |
| ▪ Cando sucederon os feitos? | |
| ▪ Onde sucederon os feitos? | |
| ▪ Repetiuse esta situación noutras ocasións? | |
| ▪ Desde cando ocorre esta situación? | |
| ▪ Como te sentes ante estes sucesos? | |
| ▪ Que fas ti para evitar o conflito? | |

| | |
|---|---|
| ▪ Que fas ti cando ocorre? | |
| ▪ Que fas ti para solucionar o ocorrido? | |
| ▪ Que pensas que se podería facer para evitar que se reproducise unha situación similar? | |
| ▪ ... | |
| ▪ ... | |

| **Preguntas persoais específicas do ciberacoso** | **Respostas** |
|---|---|
| ▪ Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros/as por medio do móbil e de internet. Ti sabes algo? | |
| ▪ Que opinas disto? Por que cres que o fan? | |
| ▪ Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer? | |
| ▪ Coñeces a alguén que lle estea pasando? | |
| ▪ Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas? | |
| ▪ Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Ocorreuche algunha vez a ti? Estache a pasar? | |
| ▪ O problema é con internet ou co teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube…? | |
| ▪ ... | |
| ▪ … | |

| **Preguntas sobre a/s persoa/s presuntamente acosadora/s** | **Respostas** |
|---|---|
| ▪ Sabes quen é a persoa que está a facer isto? É unha persoa soa ou son varias? | |

| **Preguntas sobre a/s persoa/s presuntamente acosadora/s** | **Respostas** |
|---|---|
| ▪ Como o sabes? Adoita ser moi difícil saber quen fai estas cousas, non? | |
| ▪ A que se debe que o fixese ou fixesen? | |

| | |
|---|---|
| ▪ ... | |
| ▪ ... | |

| Preguntas sobre as persoas observadoras/espectadoras | Respostas |
|---|---|
| ▪ Hai máis persoas que o saben? Quen máis coñece a situación? | |
| ▪ Por que o sabe? Contácheslo ti? | |
| ▪ Onde estaba esa persoa cando sucederon os feitos? | |
| ▪ Como reaccionou ou reaccionaron as persoas que estaban presentes? | |
| ▪ ... | |
| ▪ ... | |

| Preguntas sobre as propostas da presunta vítima | Respostas |
|---|---|
| ▪ Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a dirección para solucionar o problema? | |
| ▪ ... | |
| ▪ ... | |

## Comunicación de accións

Resumo da información á presunta vítima sobre as medidas urxentes de protección que se poden poñer en marcha para tranquilizala.

| Medidas urxentes de protección á presunta vítima |
|---|
| ▪ ... |
| ▪ ... |
| ▪ ... |

.................................., ......... de .......................... de ..............

Sinatura

(persoa receptora da información, responsable da tramitación)

# Anexo 8

## Entrevista coa/s persoa/s presuntamente acosadora/s

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da/s posible/s persoa/s agresora/s, amosándolle/s a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles visualizar as consecuencias da súa conduta. No caso de seren varias as persoas posibles acosadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, intentando que non se comuniquen entre elas ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á vítima.

A persoa que faga esta entrevista deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información, adecuándoa ás características da situación e do/a agresor/a (líder, cómplice...). Deberá deixar claro que está contrastando a veracidade da sospeita e que se pretende escoitar a todas as partes, sen que a persoa entrevistada se sinta cuestionada.

